

RESOLUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

A negativa da Consellería de Educación de retirar o Plan de adaptación á situación COVID-19 para o curso 2020/21 e a pantomima de negociación ideada sen tempo para o debate serio, obrigou ás organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial de Educación a abandonar a mesma solicitando unha negociación real dun protocolo con toda a comunidade educativa.

O protocolo presentado pola Consellería de Educación de forma unilateral sen escoitar á comunidade educativa pretende iniciar o curso como se estivésemos nunha “situación de case normalidade”. O único que fai é lavarse as mans e trasladar a responsabilidade ao profesorado e fundamentalmente aos equipos directivos.

Semella que a Consellería só ten dous obxectivos, un iniciar o curso a “custe cero” e o outro primar a función de conciliación deixando nun segundo ou terceiro plano a función educativa da escola. Todo o plan dá resposta a un principio economicista que pretende a volta ás aulas a custe cero. Abordar as medidas propostas sen a redución das rateos e sen o incremento de persoal fai inviable a súa efectividade.

Iniciar nestas condicións o curso é una temeridade xa que non se achegan as dotacións necesarias para protexer a saúde das e dos traballadores do sector nin do alumnado. Obvian as máis básicas recomendacións da OMS. Van aos mínimos cunha interpretación moi laxa.

Vólvese cargar a responsabilidade no profesorado e incrementábase a carga burocrática. De novo son os equipos directivos os que teñen que asumir funcións propias da administración, dos servizos técnicos e do persoal sanitario (redacción do plan de adaptación, o plan de continxencia, coordinación do comité COVID, subministro e control dos materiais de protección.) Todas as funcións que lles esixen non poderán realizarse sen dotación de máis persoal docente, de limpeza e comedor. E no eventual caso de necesitar activar o ensino a distancia deben asumir toda a organización sen instrucións nin dotación de medios.

Trasládanse as competencias que corresponden á propia administracións ou mesmo a servizos técnicos (prevención de riscos, servizos médicos) aos equipos directivos, incrementando a súa carga de traballo e obrigándoos a asumir responsabilidades que non corresponden á función directiva.

Polo que o Claustro de Profesorado/ Consello Escolar do _____

RESOLVE rexeitar o actual protocolo presentado pola Consellería de Educación, urxir a negociar un novo documento que parta da aplicación dun distanciamento físico mínimo de 1,5 metros en todas as etapas educativas coa conseguinte redución de ratios e incremento de profesorado e apoiar as mobilizacións convocadas maioritariamente polas organizacións sindicais esixindo responsabilidade e un investimento que garanta o máximo posible a volta presencial con garantías sanitarias aos centros educativos.